

ASEIA


Asociación para a Saúde Emocional
na Infancia e Adolescencia

ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e Adolescencia) nace motivada pola crecente preocupación dun grupo de profesionais ante a complexa realidade da infancia e adolescencia no momento que vivimos. Está formada por un equipo de traballo interdisciplinar procedente de diferentes ramas do coñecemento tales como a Psicoloxía, Pedagogía e Educación contando cunha ampla experiencia no ámbito.

ASEIA basea a súa actuación nunhos principios claros:

- Atención integral á saúde emocional e mental de nenos, adolescentes e as súas familias.
- Compromiso coa comunidade.
- Actuación ética e respetuosa coas persoas.
- Xestión participativa e interdisciplinaria.
- Carácter emprendedor, tenaz, pioneiro e innovador.
- Rigor e coñecemento científico.

Deste xeito pretendese xerar un equipo de profesionais competente e motivado, que favoreza a innovación asistencial e a difusión do coñecemento científico.



Para máis información

Tl f no.: 651595286

E-mail: aseia.galicia@gmail.com

Web: aseiagalicia.blogspot.com



ENTIDADE FINANCIADORA




Adolescencia Positiva

Unha cuestión familiar



Encontros Formativos para Nais e Pais
de Pre-Adolescentes e Adolescentes





ADOLESCENCIA POSITIVA: “Unha cuestión Familiar”



Encontros Formativos para Nais e Pais de Pre-Adolescentes e Adolescentes

O concepto de familia foi cambiando ó longo do tempo, adaptándose ós cambios sociais, culturais, económicos, demográficos. O papel dos pais evolucionou ata o punto actual, onde os roles de xénero e os estilos e figuras educativas están en transformación.

Fenómenos como as novas tecnoloxías, procesos de migración, desemprego, escasez de recursos, incorporación das mulleres ao mercado de traballo, separación dos pais..., provocan cambios nas estruturas familiares e dinámicas que é preciso ter en conta.

Para que unha familia evolucione no sentido de recoñecerse a sí mesma e desenvolver a capacidade de decidir sobre o que lle toca vivir, precisa ter en conta a súa historia, orixen, evolución, organización de relacións e roles dos membros, con atención especial á parella parental e figuras de autoridade para que poidan exercer adecuadamente as súas funcións.

A evolución persoal saudable dos membros debe ser obxectivo central da familia, incluíndo:

- A saúde emocional.
- A maduración psicolóxica e o desenvolvemento persoal.
- A transmisión de valores e cultura.
- A socialización e adaptación ó ambiente. Formación e desenvolvemento profesional.

ASEIA, a través do programa “ **ADOLESCENCIA POSITIVA: UNHA CUESTIÓN FAMILIAR**”. Encontros formativos para Nais e Pais de Pre-Adolescentes e Adolescentes”, ofrece ás nais e pais de pre-adolescentes e adolescentes que cursan estudos nos dous últimos anos de primaria ou en secundaria, un espazo próximo onde poder formular e xestionar as dificultades, motivacións e intereses arredor do seu proxecto de construción de familia e da relación cos seus fillos.

OBXECTIVOS

- Promover o desenvolvemento das competencias parentais, para unha evolución saudable da familia e dos seus membros.
- Dotar as familias de coñecementos e ferramentas básicas que lles permitan abordar o desenvolvemento dos fillos con maior seguridade.
- Xerar espazos de encontro e confianza onde os pais poidan compartir e reflexionar en común sobre as súas experiencias, inquedanzas e intereses na vivencia parental.
- Informar ós pais sobre temas de actualidade nas relacións familiares onde hai nenos e adolescentes (novas tecnoloxías, conductas adictivas, sexualidade, prevención da violencia, ...), favorecendo o achegamento a vías de formación e información de calidade.

ACCIÓNS FORMATIVAS:

- 1.A influencia das novas tecnoloxías no desenvolvemento da infancia e a adolescencia, e a súa influencia na familia**
- 2.A importancia da educación afectivo sexual no desenvolvemento dunha identidade saudable.**
- 3. Conductas adictivas: Vellos medos e novas formas**
- 4. Prevención da violencia e as súas manifestacións: Bullyng, Violencia de Xénero, Violencia Filio-Parental**